

Resolución do 22 de xaneiro de 2013, da Universidade da Coruña, pola que se ordena a publicación do Regulamento da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade da Coruña, aprobado polo Consello de Goberno do 20 de decembro de 2012

(Modificado o art. 10 por acordo do Consello de Goberno do 24 de xullo de 2014)

O Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro implantou no sistema universitario español os estudos oficiais de posgrao e introduciu a figura legal de *programa oficial de posgrao*.

Posteriormente, a Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modificou parcialmente a Lei orgánica 6/2001, de universidades, organizou as ensinanzas universitarias en tres ciclos: grao, mestrado e doutoramento.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, estableceu un marco normativo para concretar e levar á práctica a Lei orgánica 4/2007. Así, regula as ensinanzas de mestrado e doutoramento conducentes aos títulos de mestrado universitario e doutor, elimina a figura legal do *programa oficial de posgrao*, e recupera a figura do *programa de doutoramento*, en que se estruturan todas as actividades orientadas á formación de persoal investigador.

O Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1393/2007, introduciu os axustes necesarios co fin de garantir unha maior fluidez e eficacia nos criterios e procedementos establecidos no anterior decreto, especialmente no que atinxe aos procedementos de verificación dos títulos universitarios oficiais.

O Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, establece unha nida distinción entre os estudos universitarios de segundo ciclo, de mestrado, e de terceiro ciclo, de doutoramento. Esta normativa supón a introdución de cambios substanciais na estrutura e organización do doutoramento, recollendo aspectos relevantes como as competencias para adquirir, as condicións de acceso, a supervisión e tutela da actividade investigadora e os criterios específicos para a avaliación e acreditación dos programas. Entre outras novidades importantes inclúense a creación de escolas de doutoramento, a introdución do documento de actividades do doutorando (sometido a un réxime de seguimento e supervisión) e o establecemento dun prazo máximo de duración dos estudos de doutoramento.

Dentro do anterior marco, corresponde ás universidades, no ámbito da súa autonomía, a organización e o desenvolvemento das ensinanzas de doutoramento. Para tales efectos, a Universidade da Coruña (UDC) elaborou a Normativa propia para estudos de doutoramento (establecidos no Real decreto 1393/2007), aprobada polo Consello de Goberno do 22 de maio de 2008, e posteriormente o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, aprobado polo Consello de Goberno do 30 de outubro de 2008. Este último regulamento foi

modificado por acordo de Consello de Goberno do 20 de decembro de 2011, e constitúe unha adaptación parcial ao Real decreto 99/2011.

En resposta aos cambios introducidos polo Real decreto 99/2011, as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) consensuaron ao longo do ano 2012 un texto base común para o Regulamento de estudos de doutoramento, que foi adaptado aos aspectos propios da UDC e aprobado polo Consello de Goberno do 17 de xullo de 2012 como Regulamento de estudos de doutoramento da UDC, normativa reguladora dos estudos de doutoramento adaptada ao novo marco legal.

Ademais do anterior, a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, establece que “As universidades públicas estarán integradas por escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación, escolas de doutoramento e por aqueles outros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións”. Ademais, establece que “as escolas de doutoramento son unidades creadas por unha ou varias universidades, por si mesmas ou en colaboración con outros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, nacionais ou estranxeiras, que teñen por obxecto fundamental a organización, dentro do seu ámbito de xestión, do doutoramento nunha ou varias ramas de coñecemento ou con carácter interdisciplinar. As universidades poderán crear escolas de doutoramento de acordo co previsto na súa propia normativa e na da respectiva comunidade autónoma. A súa creación deberá ser notificada ao Ministerio de Educación, para efectos da súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos”.

En consecuencia, cómpre regular a creación e o funcionamento desta estrutura no ámbito da UDC, destinada á organización do doutoramento.

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxectivo

O presente regulamento ten como obxectivo establecer as normas xerais que regulen a organización e xestión da Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC), que se adecuarán ao establecido no Real decreto 99/2011, no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, ao Regulamento de estudos de doutoramento da UDC (REDUDC) e aos Estatutos da UDC.

Artigo 2. Natureza e fins da Escola Internacional de Doutoramento da UDC

A Escola Internacional de Doutoramento da UDC é o centro que asume a organización, a planificación, a xestión, a supervisión e o seguimento da oferta global de actividades propias do doutoramento na UDC. Organízase como unha escola interdisciplinar, cun modelo de formación doutoral flexible, de calidade e orientado a potenciar as liñas de investigación desenvolvidas dentro dos programas de doutoramento adscritos á EIDUDC, así como a buscar a súa proxección no eido externo á propia universidade.

A EIDUDC, de acordo co Real decreto 99/2011, contará cun comité de dirección, que realizará as funcións relativas á súa organización e xestión. A EIDUDC desenvolverá a súa propia estratexia ligada á estratexia de investigación da UDC e, no seu caso, dos organismos públicos de investigación e demais entidades e institucións implicadas.

A EIDUDC acredita unha capacidade de xestión adecuada para os seus fins asegurada pola UDC.

A EIDUDC planificará a necesaria oferta de actividades inherentes á formación e ao desenvolvemento dos doutorandos, levadas a cabo ben por colaboradores das universidades e entidades promotoras, ben coa colaboración de profesionais externos, profesores ou investigadores visitantes.

A EIDUDC garantirá unha masa crítica suficiente de doutorandos e doutores nos cinco ámbitos de coñecemento: (1) Ciencias da Saúde, (2) Ciencias Sociais e Xurídicas, (3) Enxeñaría e Arquitectura, (4) Artes e Humanidades e (5) Ciencias.

A EIDUDC establecerá os mecanismos de supervisión dos doutorandos mediante un compromiso documental asinado pola universidade, o doutorando, o seu titor e o seu director na forma que se estableza. Este compromiso será asinado coa maior brevidade posible despois da admisión do doutorando e incluírá un procedemento de resolución de conflitos, ben como considerará aspectos relativos aos dereitos de propiedade intelectual ou industrial que puideren xerarse no ámbito de programas de doutoramento.

A EIDUDC establecerá os procedementos que deben utilizar as comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD) para o seguimento e a avaliación anual tanto no relativo ás actividades formativas programadas como ao desenvolvemento da tese de doutoramento de cada investigador en formación. Estes procedementos incluírán os seguintes documentos: plan de investigación, documento de actividades, informe do titor e informe do director.

A EIDUDC xestionará a tramitación administrativa dos procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación dos programas de doutoramento adscritos.

A EIDUDC poderá propoñer requisitos adicionais para ser director/a de tese.

A EIDUDC establecerá procedementos de control co fin de garantir a calidade das teses de doutoramento.

A EIDUDC terá como obxectivo destacar polo seu prestixio e a súa especial proxección internacional, e alcanzar os máximos niveis de excelencia.

A EIDUDC contará cun código de boas prácticas que deberán subscribir todos os seus integrantes.

Artigo 3. Infraestrutura e recursos da Escola Internacional de Doutoramento da UDC

Dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, a UDC habilitará a infraestrutura e os recursos que considerar oportunos para dotar a EIDUDC da capacidade requirida co fin de desenvolver as súas funcións. A EIDUDC disporá dunha oficina de doutoramento, que desenvolverá as funcións de xestión administrativa e económica dos programas de doutoramento adscritos á Escola.

Artigo 4. Persoal da Escola Internacional de Doutoramento da UDC

Formarán parte da EIDUDC:

- a) O persoal docente e investigador propio da UDC ou de entidades colaboradoras dun programa de doutoramento, con funcións de titorización e dirección de teses doutorais nos programas de doutoramento adscritos á Escola
- b) Os doutorandos matriculados en tales programas.
- c) O persoal de administración e servizos adscrito.
- d) O/a director/a e o/a secretario/a da Escola, os membros do Comité de Dirección da Escola e os membros das comisións académicas, pertencentes á UDC ou a entidades colaboradoras, dos programas de doutoramento adscritos á Escola.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS DE GOBERNO DA EIDUDC

Artigo 5. Comité de Dirección

1. A EIDUDC, de acordo co Real decreto 99/2011, contará cun comité de dirección, que realizará as funcións relativas á súa organización e xestión.
2. O Comité de Dirección da EIDUDC estará integrado por:
 - a. O/a director/a da Escola, que o presidirá.
 - b. Os coordinadores dos programas de doutoramento adscritos á Escola, incluídos, no caso dos programas interuniversitarios non coordinados pola UDC, os designados como coordinadores na UDC.
 - c. Os/as titulares das vicerreitorías con competencias en estudos de doutoramento, investigación, títulos e relacións internacionais.
 - d. O/a secretario/a académico/a da Escola, que dará fe e redactará a acta das sesións.
 - e. A persoa responsable da Oficina de Doutoramento, en representación do Persoal de Administración e Servizos con voz e voto.
 - f. Unha representación das entidades colaboradoras dos programas de doutoramento adscritos á Escola, que constitúa como máximo o 10% da totalidade dos membros do Comité de Dirección. Estes representantes

serán renovados con carácter xeral cada catro anos.

- g. Unha representación dos doutorandos nunha proporción do 28%, constituída de forma equitativa por cada un dos seguintes ámbitos: (1) Ciencias da Saúde, (2) Ciencias Sociais e Xurídicas, (3) Enxeñaría e Arquitectura, (4) Artes e Humanidades e (5) Ciencias. Estes representantes serán elixidos para un período de dous anos, de conformidade cos Estatutos da UDC e co Regulamento electoral xeral.

Artigo 6. Funcións do Comité de Dirección

Entre outras, corresponden ao Comité de Dirección da EIDUDC as seguintes funcións:

- a. Elaborar e propor o regulamento de réxime interno da Escola, cuxa aprobación será competencia do Consello de Goberno da UDC.
- b. Establecer o proceso de renovación das comisións académicas dos programas de doutoramento adscritos á Escola, de acordo co REDUDC.
- c. Establecer o procedemento para a elección dos seus membros en representación das entidades colaboradoras dos programas de doutoramento e dos doutorandos.
- d. Establecer o procedemento para a elección dos membros da comisión permanente en representación dos coordinadores dos programas de doutoramento e dos doutorandos.
- e. Establecer o procedemento e os requisitos necesarios, de acordo coa normativa vixente e cos criterios e requisitos fixados polas diferentes administracións responsables, para solicitar a implantación de novos programas de doutoramento ou modificar os xa existentes.
- f. Informar e propoñer ao Consello de Goberno as propostas de novos programas de doutoramento que se integren na Escola, así como as propostas para a súa modificación e suspensión temporal ou definitiva.
- g. Formular, antes do comezo de cada curso académico, a súa oferta de programas de doutoramento.
- h. Aprobar o conxunto de actividades que conforman cada programa de doutoramento, incluídas as liñas de investigación, actividades formativas, relación de persoal investigador que asumirá a titoría e a dirección de teses de doutoramento e os criterios de admisión e selección do alumnado.
- i. Planificar e aprobar as actividades de formación transversal dos programas de doutoramento, en coordinación coas súas comisións académicas.
- j. Establecer procedementos de supervisión e control co fin de garantir a calidade da formación do doutorando e das teses de doutoramento. En particular, elaborar un modelo de compromiso documental ao que se refire o artigo 11.8 do Real decreto 99/2011, onde se establecerán as funcións específicas de supervisión dos doutorandos e que terá que asinar a

- universidade, o doutorando, o seu titor e o seu director.
- k. Establecer procedementos para a presentación, avaliación, defensa e cualificación das teses de doutoramento nos programas de doutoramento adscritos á Escola.
 - l. Propor o procedemento para a concesión de premios extraordinarios de doutoramento.
 - m. Informar ao Consello de Goberno dos acordos das comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD) de colaboración con outras universidades, organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras
 - n. Establecer procedementos de resolución de conflitos no ámbito das ensinanzas de doutoramento.
 - o. Fomentar a internacionalización da oferta doutoral mediante a participación de docentes e estudantes estranxeiros, a incorporación de expertos internacionais nas comisións de seguimento, na elaboración de informes previos e nos tribunais de teses, e a organización de actividades formativas.
 - p. Promover e trasladar propostas acerca da mobilidade internacional dos estudantes de doutoramento da UDC.
 - q. Informar sobre a pertinencia dos convenios ou programas de internacionalización que se subscriban pola UDC e que afecten aos estudos de doutoramento.
 - r. Colaborar coas comisións académicas nos procesos de verificación, seguimento e renovación da acreditación dos programas de doutoramento adscritos á Escola.
 - s. Establecer procedementos para o seguimento de doutores egresados dos programas de doutoramento.
 - t. Calquera outra competencia en materia de doutoramento que lle encomende o Consello de Goberno e as disposicións legais vixentes.

Artigo 7.- Sesións do Comité de Dirección

1. O Comité de Dirección da EIDUDC estará presidido polo/a director/a da Escola Internacional de Doutoramento.
2. O/a director/a poderá invitar ás sesións do Comité, con voz mais sen voto, as persoas que estimar oportuno para informar aos membros do Comité.
3. O Comité de Dirección reunirse en sesión ordinaria, por convocatoria do/a director/a da EIDUDC, como mínimo unha vez por semestre. Ademais, o Comité reunirse en sesión ordinaria cando o solicite expresamente a terceira parte dos membros do Comité de Dirección.

4. O Comité de Dirección reunirse en sesión extraordinaria por convocatoria do/a director/a da EIDUDC e cando a urxencia do asunto que se vai tratar non permita cumprir con todos os requisitos de convocatoria que se requiren para as sesións ordinarias.
5. As convocatorias comunicaranse a todos os membros do Comité de Dirección mediante correo electrónico. Para os membros vinculados á UDC, utilizarase preferentemente o enderezo electrónico da UDC.
6. A convocatoria dunha sesión ordinaria do Comité de Dirección debe cumprir os seguintes requisitos:
 - a. Ser efectuada polo/a secretario/a académico/a a instancias do/a director/a.
 - b. Ser enviada a todos os membros do Comité cunha antelación mínima de tres días hábiles.
 - c. No caso de que se convoque unha sesión ordinaria pola solicitude expresa da terceira parte dos membros do Comité, a convocatoria desta sesión deberá realizarse nun prazo máximo de dez días hábiles desde a súa solicitude.
 - d. A convocatoria deberá precisar o día e o lugar de realización, así como a hora da primeira e da segunda convocatoria.
 - e. A convocatoria incluírá unha detallada orde do día en que figurarán, cando menos, os seguintes temas:
 1. Aprobación de actas anteriores, se proceder.
 2. Informe do/a director/a da EIDUDC.
 3. Asuntos varios, onde se incluírán os asuntos para tratar que o/a director/a estime pertinentes, así como aqueles que a terceira parte dos membros do Comité solicite expresamente incluír na orde do día e cunha antelación mínima de dez días antes da data da sesión.
 4. Quenda aberta de intervencións.
 - f. Facilitar aos membros do Comité a documentación relativa aos distintos puntos da orde do día, incluídas as actas pendentes de aprobación. Cando a natureza da documentación o permita, farase chegar a través do correo electrónico. En caso contrario, depositarase para a súa consulta no lugar designado para tal efecto e desde a mesma data de realización da convocatoria.
 - g. Non poderá tomarse ningún acordo sobre calquera asunto que non estea incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e se declare a urxencia por voto favorable da maioría dos membros.
7. Para que o Comité se reúna en sesión ordinaria, requirirase a presenza do/a director/a da Escola ou persoa en quen delegar a presidencia da sesión.

8. Para que os acordos sexan válidos, deberán ser aprobados na primeira convocatoria por maioría absoluta e na segunda convocatoria por maioría simple dos membros presentes, agás para a proposta de modificación do Regulamento de réxime interno da EIDUDC, que requirirá a aprobación da maioría dos membros do Comité de Dirección.
9. As sesións extraordinarias do Comité de Dirección cumprirán os mesmos requisitos que as ordinarias, coa excepción de que a convocatoria farase cunha antelación mínima de un día hábil.

Artigo 8.- A Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente do Comité de Dirección da EIDUDC estará integrada polos seguintes membros:
 - a. O/a director/a da EIDUDC, que a presidirá.
 - b. O/a secretario/a académico/a da EIDUDC, que dará fe e redactará a acta das sesións.
 - c. Un representante dos coordinadores dos programas de doutoramento por cada un dos seguintes ámbitos: (1) Ciencias da Saúde, (2) Ciencias Sociais e Xurídicas, (3) Enxeñaría e Arquitectura, (4) Artes e Humanidades e (5) Ciencias. Nesta representación dos coordinadores dos programas de doutoramento garantirase a presenza dun representante por ámbito preferentemente escollido de entre os coordinadores de programas de doutoramento con mención cara á excelencia, e cando menos dun representante dos coordinadores na UDC dos programas de doutoramento interuniversitarios no caso de que ningún dos anteriores reunise a condición de representar un programa interuniversitario. Os representantes dos coordinadores serán elixidos por votación en que participarán todos os coordinadores dos programas de doutoramento que formen parte do Comité de Dirección. Cando se produza a baixa dun representante dunha área ou tras a renovación dos membros das comisións académicas dos programas de doutoramento de acordo co REDUDC (que será, con carácter xeral, cada catro anos), os coordinadores elixirán de novo representantes.
 - d. Un representante dos estudantes de doutoramento que formen parte do Comité de Dirección e que será elixido por votación en que participarán todos os representantes de estudantes que formen parte do Comité de Dirección. Este representante será elixido para un período de dous anos de conformidade cos Estatutos e o Regulamento electoral xeral.
 - e. O membro do persoal de administración e servizos responsable da Oficina de Doutoramento, ou o membro da Oficina en quen delegar, que actuará con voz e voto.
2. A Comisión Permanente poderá reunirse en sesión ordinaria e extraordinaria, seguindo o mesmo réxime descrito para as sesións ordinaria e extraordinaria do Comité de Dirección.

3. A Comisión Permanente reunirse en sesión ordinaria, por convocatoria do/a director/a da EIDUDC, como mínimo unha vez cada dous meses lectivos consecutivos.
4. Os acordos da Comisión Permanente, excepto os acordos de trámite, serán informados ao Comité de Dirección da EIDUDC.

Artigo 9. Funcións da Comisión Permanente da Escola Internacional de Doutoramento

Corresponden á Comisión Permanente do Comité de Dirección da EIDUDC as seguintes funcións:

1. Aplicar o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC.
2. Emitir informe favorable ou desfavorable sobre as propostas das comisións académicas de novos programas de doutoramento ou verbo da súa modificación e suspensión temporal ou definitiva; e trasladar este informe ao Comité de Dirección da EIDUDC.
3. Requirir ás comisións académicas toda a información actualizada que conforma o programa de doutoramento, incluídas as liñas de investigación, as actividades formativas, a relación de persoal investigador, de titores e de directores de teses de doutoramento e os criterios de admisión e selección do alumnado.
4. Establecer o procedemento para que cada doutorando poida inscribir no documento de actividades personalizado todas as accións realizadas e de interese para a formación doutoral.
5. En circunstancias excepcionais determinadas pola CAPD, como poden ser, entre outras, a participación de empresas no programa, a existencia de convenios de confidencialidade con empresas ou a posibilidade de xeración de patentes que recaian sobre o contido da tese, habilitar procedementos que garantan a non publicidade destes aspectos.
6. Establecer o procedemento para a concesión da mención *cum laude*.
7. Establecer criterios específicos de calidade que deberán cumprir as teses de doutoramento por compendio de artigos de investigación.
8. Autorizar a redacción da tese nunha lingua distinta á galega, castelá, inglesa ou portuguesa, ou distinta do idioma de uso común no ámbito científico, técnico ou artístico do que se trate, logo de que a CAPD informe favorablemente e garanta que o tribunal estea en condicións de xulgala.
9. Autorizar a defensa pública da tese de doutoramento ou, de ser o caso, a interrupción da súa tramitación, o que se comunicará por escrito ao doutorando, aos directores da tese e á CAPD correspondente.
10. Aprobar a proposta de tribunal remitida pola CAPD, de acordo co REDUDC.
11. Autorizar calquera outra opción de procedemento de defensa de tese de

doutoramento distinta á descrita no REDUDC.

12. Autorizar a participación dun membro do tribunal por videoconferencia.
13. Autorizar o adiamento da constitución do tribunal de defensa da tese de doutoramento, logo de llo comunicar ao/á presidente/a do tribunal.
14. Resolver as controversias que conclúan nun conflito e comunicar o acordo por resolución do/a director/a da EIDUDC ás partes afectadas. As persoas lexitimadas poderán presentar recurso de alzada contra esta resolución ante o reitor da Universidade ou persoa en quen delegar.
15. Seguimento e control das teses realizadas en réxime de cotutela.
16. Aprobar os convenios de colaboración para o desenvolvemento de teses de doutoramento en réxime de cotutela.
17. Validar a(s) certificación(s) da(s) estada(s) de investigación do doutorando expedida/s pola outra institución que participa na tese de doutoramento en réxime de cotutela.
18. Propoñer ao reitor o(s) tribunal/ais encargado(s) de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento.
19. Fixar e publicar anualmente os criterios de avaliación para a concesión de premios extraordinarios de doutoramento.
20. Establecer os criterios que rexerán a constitución dos tribunais encargados de elaborar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento, atendendo a aspectos tales como a consecución dunha distribución equilibrada do número de teses que se van avaliar por tribunal, ou o ámbito de investigación que debe avaliar cada tribunal.
21. Enviar a proposta de concesión de premios extraordinarios de doutoramento á Secretaría Xeral, unha vez recibidas a propostas de concesión dos tribunais avaliadores, para a súa aprobación polo Consello de Goberno.
22. Resolver as solicitudes de recoñecemento de créditos cursados noutras universidades, así como a homologación de estudos para os efectos da admisión nun programa de doutoramento.
23. Aquelas outras cuestións que, por delegación, lle encomende expresamente o Comité de Dirección.

Artigo 10. O Comité Asesor Internacional

A EIDUDC contará cun comité asesor internacional constituído por membros de prestixio recoñecido no seu ámbito de investigación e/ou en aspectos de transferencia tecnolóxica, podendo tamén contar con persoas con acreditada experiencia en organizacións relacionadas coa promoción de estudos de doutoramento do ámbito internacional.

Este comité asesor internacional estará constituído por 6 persoas, de modo que:

- cada un dos 5 ámbitos de coñecemento (Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, Arquitectura e Enxeñaría, Artes e Humanidades) estea adecuadamente representado por unha persoa.
- unha persoa, que non representará a ningún ámbito de coñecemento, deberá ter unha acreditada experiencia en actividades de internacionalización dos estudos de doutoramento.

Estas persoas serán propostas polo director da EIDUDC, unha vez oído o Comité de Dirección, e serán nomeadas polo reitor da UDC.

Artigo 11. Funcións do Comité Asesor Internacional

O Comité Asesor Internacional realizará unha avaliación anual das actividades académicas e das liñas de actuación da EDIUDC, así como cantos informes puntuais lle sexan requiridos polo Comité de Dirección ou a súa comisión permanente.

A avaliación do Comité Asesor Internacional debe ser recollida polo Comité de Dirección e a Comisión Permanente da EIUDC para establecer as propostas de mellora nas actividades da EIUDC, identificar potenciais liñas de investigación de alto interese que puideren estar relacionadas coas que se están a desenvolver dentro dos programas de doutoramento adscritos á EIUDC, e corrixir aqueles aspectos que se consideraren pouco eficientes.

Artigo 12.- A dirección da Escola Internacional de Doutoramento

1. A dirección da EIDUDC será nomeada polo reitor por proposta da vicerreitoría con competencias no ámbito de estudos de doutoramento da UDC. Deberá ser un investigador ou investigadora de recoñecido prestixio pertencente aos corpos docentes da UDC. Esta condición debe estar avalada pola xustificación da posesión dun mínimo de tres períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto.
2. O/a director/a da EIDUDC non poderá ser coordinador ou coordinadora dun programa de doutoramento.
3. Son funcións da dirección da EIDUDC:
 - a. Liderar, impulsar, dirixir, coordinar e supervisar as actividades da EIDUDC.
 - b. Representar a EIDUDC ante os órganos de goberno da Universidade da Coruña e en cantas instancias for necesario.
 - c. Velar polo cumprimento dos obxectivos e funcións da EIDUDC.
 - d. Presidir o Comité de Dirección e a Comisión Permanente da EIDUDC, así como executar os seus acordos.
 - e. Propoñer ao reitor o nomeamento da secretaría da EIDUDC.
 - f. Propoñer ao reitor o nomeamento dos coordinadores dos programas de

doutoramento a proposta das comisións académicas dos programas de doutoramento.

- g. Propoñer ao Comité de Dirección da EIDUDC, para a súa aprobación, a composición dos membros do Comité Asesor Internacional.
- h. Informar puntualmente ao Comité de Dirección da EIDUDC das xestións realizadas no desempeño do seu cargo.

A duración do mandato do/a director/a da EIDUDC será de catro anos e poderá ser renovado por outros catro anos máis, que serán improrrogables.

Artigo 13.- A Secretaría Académica da Escola Internacional de Doutoramento

1. A Escola contará cun secretario/a académico/a, que será proposto/a pola dirección da EIDUDC e nomeado/a polo reitor entre o persoal investigador de recoñecido prestixio pertencente aos corpos docentes da UDC. Esta condición debe estar avalada pola xustificación da posesión de cando menos dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto.
2. O/a secretario/a non poderá ser coordinador/a dun programa de doutoramento.
3. As súas funcións serán as previstas para un cargo desta natureza.

A duración do mandato do/a secretario/a da EIDUDC será de catro anos e poderá ser renovado por outros catro anos máis, que serán improrrogables.

CAPÍTULO III

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Artigo 14. A Oficina de Doutoramento da UDC

O persoal dos servizos de administración adscritos á Oficina de Doutoramento da EIDUDC realizará a xestión administrativa e económica dos programas de doutoramento da EIDUDC, o que incluírá:

1. Xestión e coordinación do proceso de matrícula dos doutorandos en cada un dos programas de doutoramento adscritos á EIDUDC, unha vez admitidos por parte da correspondente comisión académica.
2. Labores de apoio e asistencia ao director, ao Comité de Dirección da EIDUDC e á Comisión Permanente, e de asesoramento aos coordinadores das comisións académicas dos programas adscritos á EIDUDC.
3. Tramitación administrativa das novas propostas de programas de doutoramento para seren sometidas aos procedementos de verificación e das propostas de modificacións de programas xa verificados.
4. Tramitación administrativa de procedementos asociados ao seguimento dos programas de doutoramento adscritos á EIDUDC.

5. Tramitación administrativa de procedementos asociados á acreditación dos programas de doutoramento adscritos á EIDUDC.
6. Labores de información e difusión dos programas de doutoramento e requisitos de acceso.
7. Rexistro e custodia do documento de actividades e do plan de investigación de cada doutorando, nos termos recollidos nos artigos 2.5 e 11.6, respectivamente, do Real decreto 99/2011, así como dos conseguintes informes e avaliacións destes.
8. Tramitación para a defensa das teses de doutoramento: publicación da defensa da tese, envío do nomeamento de membros de tribunais, envío de documentación ao secretario do tribunal, recepción e comprobación da documentación e das actas, comunicación da mención *cum laude* se procede despois do reconto de votos.
9. Rexistro das teses de doutoramento defendidas, así como o seu arquivo en edición impresa e en formato electrónico nun repositorio institucional e, unha vez aprobadas, validar e publicar a ficha TESEO.
10. Xestión administrativa dos premios extraordinarios de doutoramento.
11. Tramitación para a expedición dos títulos de doutor/a.
12. Comprobar e instruír o nivel de estudos estranxeiros para o acceso aos estudos de doutoramento.
13. Instrución dos expedientes para a homologación de títulos de doutor/a estranxeiros.
14. Expedición de certificacións, incluídas as académicas, as de dirección de tese e as de docencia en programas de doutoramento.
15. Arquivo das actas das sesións do Comité de Dirección e da Comisión Permanente da EIDUDC.
16. Arquivo da documentación relativa á tramitación das solicitudes para verificación, modificación, seguimento e acreditación dos programas de doutoramento.

CAPÍTULO IV

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Artigo 15.- Adscrición dos programas de doutoramento á Escola Internacional de Doutoramento da UDC

Para a súa adscrición á EIDUDC, un programa de doutoramento debe cumprir os seguintes requisitos:

1. Que todo o profesorado que participe conte con experiencia investigadora acreditada.
2. Cada programa de doutoramento contará cunha comisión académica do programa de doutoramento (CAPD), que será o órgano responsable do deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación do programa de doutoramento.
3. A CAPD estará integrada por un mínimo de sete membros entre os cales deberán figurar o/a presidente/a e o/a secretario/a, e será nomeada polo reitor.
4. No caso de programas de doutoramento interuniversitarios, ou programas en que participen outros organismos, entidades, centros ou institucións con actividades de I+D+i, a composición da CAPD será a que figure no correspondente convenio de colaboración. En calquera caso, a composición da CAPD deberá contar con, cando menos, un membro de cada unha das universidades responsables do desenvolvemento do programa.
5. A CAPD estará integrada por doutores/as con vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo, en posesión de polo menos un período de actividade investigadora recoñecida de acordo co RD 1986/1989. No caso de programas de doutoramento que contén coa colaboración doutros organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos, privados, nacionais ou estranxeiros, poderá formar parte da CAPD persoal investigador vinculado contractualmente aos devanditos organismos, sempre que acredite cumprir os mesmos requisitos que o persoal investigador adscrito á universidade ou méritos equiparables no caso de non resultar de aplicación a posesión do período de actividade investigadora. A totalidade dos membros da CAPD deberá constar como profesor asignado ao programa de doutoramento.
6. Un dos membros da CAPD actuará de secretario/a, co obxecto de dar fe dos acordos adoptados pola comisión e redactar a acta das sesións da CAPD.

7. Os membros da CAPD serán renovados con carácter xeral cada catro anos.

Para que un programa de doutoramento se adscriba á Escola Internacional de Doutoramento da UDC, valorarase preferentemente:

1. Que o profesorado que participe acredite financiamento público ou privado nas súas liñas de investigación e unha produción científica de calidade. Valorarase positivamente que os equipos de investigación participantes nun programa contén como mínimo cun proxecto competitivo (internacional, nacional ou autonómico) no ámbito das liñas de investigación do programa.
2. Como norma xeral, un mesmo profesor só poderá participar coa mesma liña de investigación nun único programa de doutoramento. Cando existiren razóns motivadas que o xustifiquen, a EIDUDC poderá dispensar a aplicación desta limitación.
3. Que forme parte do profesorado do programa persoal investigador de recoñecido prestixio, avalado por unha investigación acreditada.
4. Que se trate dun programa interuniversitario e/ou internacional, con presenza de grupos de investigación e universidades de recoñecido prestixio.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira. Órgano responsable dos estudos de doutoramento até a constitución do Comité de Dirección e da Comisión Permanente da EIUDC

Unha vez creada a Escola Internacional de Doutoramento na UDC e até a constitución do seu comité de dirección e da súa comisión permanente, as funcións do dito comité e da dita comisión serán asumidas pola Comisión de Doutoramento existente á entrada en vigor deste regulamento, xunto co director e o secretario académico da EIDUDC.

Disposición transitoria segunda. Persoal de administración e servizos dos estudos de doutoramento

O persoal de administración e servizos adscrito á Sección de Estudos Oficiais de Posgrao da UDC pasará a constituír o persoal asignado á Oficina de Doutoramento unha vez constituída a EIDUDC.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira. Situacións non recollidas no presente regulamento

O Comité de Dirección da EIDUDC e a súa comisión permanente quedan facultadas para interpretar o Regulamento de estudos de doutoramento da UDC (REDUDC) e resolver as situacións non recollidas polo REDUDC e por este regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello de Goberno da UDC.

A Coruña, 22 de xaneiro de 2013

O reitor

Xosé Luís Armesto Barbeito